



SACRA EXPERIENCE

HABITAR/NOS

REPOBOACIÓN A TRAVÉS DA CULTURA.
RIBEIRA SACRA DO MIÑO.
FINANCIADO POR TERRITORIO
CULTURA



EXPERIMENTADANZA

O PROXECTO	3
ACTIVIDADES	6
PROGRAMA DE ACTIVIDADES	8
ALIANZAS	15
EQUIPA	16
OBXECTIVOS	17
AXENTES IMPLICADOS	19
AVALIACIÓN DO PROXECTO	20

O PROXECTO

HABITAR/NOS é un proxecto sociocultural de alianzas entre diferentes entidades vinculados á contorna rural e liderado pola Asociación Cultural *SacraExperience*.

Os obxectivos deste proxecto pasan por impulsar e diversificar as actividades culturais de excelencia no medio rural. Favorecendo a participación dos seus habitantes para una mellora do seu benestar social e territorial. Este proxecto dalle principal importancia á participación de todo tipo de persoas, apoiando a diversidade e democratizando a cultura neste medio rural, así coma incorporar estratexias de igualdade de xénero, interxeracionais e, tamén, para a participación infantil e xuvenil.

Existen iniciativas xa en funcionamento que dan forma a esta alianza: *SacraExperience*, no Lugar de Pincelo en Chantada (Ribeira Sacra), en sinerxia con espazos coma Cinema Palleiriso, Concello de Chantada, Rede Museística Provincial de Lugo, Fundación Ronsel, Ocean Savane ou Universidade de Vigo entre outras.

É un proxecto de alianzas e redes entre diferentes concellos que vencella a aldeas de ata un máximo de 200 habitantes, algunhas delas con so 6 habitantes e que, ademáis, propón unha programación cultural expandida que conecta a entorna rural coa entorna urbana.

O espazo principal das accións propostas realizaranse nun aula mutlidisciplinar de 100m² en Pincelo (Parroquia de A Sariña) no Concello de Chantada, Lugo.

Os espazos colaboradores onde se levarán a cabo actividades expandidas son principalmente: Pazo de Tor en San Xoán de Tor no Concello de Monforte de Lemos, en Cinema Palleiriso en Garabelos (Chantada-Lugo), Praia da Cova no concello de O Saviñao, no Centro Cultural de Chantada, no Concello de Carballedo na Igrexa de Chouzán, Pazo de San Pedro de Bembibre no Concello de Taboada. Todos son núcleos rurais de menos de

10.000 habitantes ou cunha baixa densidade de poboación. No caso das dúas colaboracións suprarrexionais, son actividades en rede que se mostrarán, no caso de Vicente Galaso (Illas Baleares) a súa exposición itinerante Miradas Sacras, na Igrexa de Chouzán no Concello de Carballedo e tamén en ASDEME(Chantada) . En relación a Proaza e Llanes en Asturias, conresidencias cruzadas na creación da rede cultural no medio rural, Rurealidades que intervendrán nas relatorías do encontro Xuventude nas aldeas. E tamén en Senegal, coa proxección do traballo de residencia artística no Sacraexpandido 2026.

No proxecto interdisciplinar caben diferentes programas expandidos, dende os proxectos máis puramente medioambientais que relacionan Arte e Ciencia, pasando por aqueles que poñen o foco nas pequenas comunidades disgregadas ou nas aldeas preto do Río Miño, e tamén aquelas iniciativas que serven para achegar a estes territorios aos axentes e artistas nacionais e internacionais.

Eles axudan a poñer en valor a paisaxe e o patrimonio material e inmaterial da *Ribeira Sacra* máis alá das nosas fronteiras, a través de diferentes actividades culturais que se realizan maioritariamente no ano 2026. Todas estas alianzas rematan cunha posta en valor do territorio e cunha investigación das súas xentes.

Analizamos os seus modos de vida que vinculan tradición e modernidade, así coma a vinculación entre a infancia/xuventude cos nosos maiores. Tamén, pon o foco na natureza, tan importante nestes tempos excesivamente virtuais que afastannos moitas veces da vida real e mesmo pode ocasionar patoloxías físicas e mentais na adolescencia.

Na procura dunha mestura entre os nosos proxectos e o valor do patrimonio do lugar, a empresa Mais que Románico fan de guías polas igrexas e monasterios para os artistas en residencia e para os creadores que participan no proxecto sacraforma.

A *Ribeira Sacra* é un lugar BIC (Ben de Interese Cultural) e de zonas protexidas Reserva da Biosfera. Ademais de ter esta máxica paisaxe vitivinícola que as mostra como exemplos dunha natureza auténtica e diferente do resto. O rico patrimonio natural e cultural

que nos rodea, onde se desenvolven as actividades, conforman un territorio e xentes cunha marcada identidade. É unha parte imprescindible deste proxecto.

Habitar/nos, nace coma un proxecto cultural, social e medioambiental enmarcado nun territorio en semiabandono e con escasa programación cultural. Poñerase o foco nos pequenos núcleos poblacionais disgregados dentro desta máxica paisaxe.

A Asociación Cultural *SacraExperience*, liderará o proxecto e será base de operacións das actividades. É un proxecto transversal e de alianzas entre 6 concellos. No caso de *SacraExperience* desenvolveranse actividades nos concellos lucenses de O Saviñao, Carballedo, Taboada, Chantada, Friol e Monforte de Lemos, dous destes concellos con menos de 5.000 habitantes.



Lugar de Pincelo

ACTIVIDADES

, a través do seu proxecto **Habitar/nos**, busca unha nova forma de relacionarse coa contorna coa cultura coma nexo, busca crear rede

cultural no territorio, sobre todo nos pequenos núcleos poblacionais disgregados. Tamén crear paralelamente espazos comunitarios de pensamento e fomentar proxectos culturais participativos. Articúlase nun programa composto por varios elementos:

- Obradoiros de fin de semana dende o mes de xaneiro ata setembro 2026.
- Programa de Residencias Cohabitar a Creación.
- A Nova Banda Rural fomentando a creación musical en mozas e mozos. A nova banda rural é un proxecto de nova produción de *SacraExperience* formado por mozas e mozos con talento musical mentorizada pola Fundación Ronsel e con apoio a creación de diferentes músicos e compositores coma membros de Sumrrá, Su Garrido, Steven Garcia, a Banda de Música de Chantada....
- Proxecto Rural Crea con Obradoiros para fomentar a formación artística para nenas e menos.
- Encontros culturais coma Encontro de Xestión Cultural e Emprendemento no Rural ou Xuventude nas aldeas.
- Catas teatralizadas
- Sinerxias internacionais con Cuba e Senegal.

SacraExperience coma sede da compañía de danza inclusiva Experimentadanza, forma parte de diferentes proxectos en colaboración coa Fundación Emalcsa e a Banda Municipal de Música de Coruña que se crean neste espazo.

Este ano o proxecto De corpo e palabra onde participan os 45 músicos da Banda Municipal, 14 intérpretes con e sen diversidade, Mercedes Peón e as Poetas Andrea Nunes e Eva Veiga e a cantante Su Garrido.

[Habitar/nos](#) tamén incide na posta en valor do territorio e reivindica o patrimonio natural, paisaxístico e vitivinícola coma espazo para crear e atoparse coas artes e a cultura. Traballa tres eixos básicos:

- Educación medioambiental in situ: botánica, xeoloxía, viticultura, etc.
- Educación artístico-cultural: charlas, obradoiros de artes plásticas, de pintura cerámica, etc.
- A relación saúde-natureza: con obradoiros e experiencias de baños de bosque shimrinyoku, arteterapia, tai-chi, artes terapéuticas, respiración e ioga entre outros.
- Na procura dunha mestura entre os nosos proxectos e o valor do patrimonio do lugar, a empresa “Mais que Románico” fai de guía polas igrexas e mosteiros da zona para os artistas en residencia e obradoiros.

Por outra banda, levaranse a cabo eventos sostibles para grupos reducidos en total respecto ao entorno que se desenvolven en vides e carballeiras comunais.

Todo o proxecto está baseado nunha economía circular apoiada nos produtos e servizos da veciñanza e viticultores (aloxamentos locais, viño produtos km. 0, etc) . O proxecto vén de ser apoiado polas institucións da zona e por institucións públicas e privadas coma Concello de Chantada, Gadisa, Estrella Galicia, Rede Museística de Lugo, Xunta de Galicia.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

1.- RURAL CREA: OBRADOIROS PARA NENOS E NENAS

Trátase dun proxecto para a formación nas Artes Plásticas, Visuais e de Deseño para a infancia e a adolescencia no Lugar de Pincelo, Concello de Chantada e no Bosque Habitado. Este proxecto de 6 módulos formativos durante un ano, cunha periodicidade dun módulo ao mes, dará lugar á creación dunha marca creada por rapaces de 7 a 14 anos en colaboración con A Escola Museo, onde traballan adolescentes de 15 a 18 anos.

Cando: febreiro a xullo de 2026

1) OBRADOIRO DE CINEMA DE MIGUEL ANGEL DELGADO

Impartido por Miguel Angel Delgado (Madrid). O obxectivo deste obradoiro é iniciar os rapaces na linguaxe audiovisual a través de procesos de exploración coa fotografía e o vídeo, dando lugar a unha selección de series fotográficas e de videocreacións. O cineasta director do filme San Simón, participou durante anos no proxecto formativo para a mocidade Cinema en Cours.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo.(Lugar de Pincelo,9. Parroquia de A Sariña, Chantada (Lugo)) .

Dirixido a dez nenos e nenas de entre 7 a 14 anos con ou sen diversidade.

2) OBRADOIRO DE CERÁMICA DE BEATRIZ PALOMERO

Impartido por Beatriz Palomero (Chantada). Este obradoiro de dous fines de semana de duración desenvolverase co fin de que cada mozo ou moza cree dúas pezas de cerámica e as decore. Un prato e unha taza que farán parte da nova colección.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo, 9. Parroquia de A Sariña - Chantada, (Lugo)).

Dirixido a dez nenos e nenas de entre 7 a 14 anos con ou sen diversidade.

3) OBRADOIRO DE ARTES PLÁSTICAS DE ABEL BARCENILLA

Impartido por Abel Barcenilla (Donostia). O obxectivo deste obradoiro é debuxar, modelar, deseñar e crear dende as Artes Plásticas, Audiovisuais e Corporais . Dar a coñecer á mocidade as Artes de vangarda e a súa importancia na sociedade actual tratando de unir a arte e o deseño. Abel é artista e traballador social e vive en Donosti, onde exerce a maioría do seu traballo.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo,9. Parroquia de A Sariña-Chantada-Lugo) .Praia da Cova no

Concello de O Saviñao. Dirixido a dez nenos e nenas de entre 7 a 14 anos con ou sen diversidade.

4) OBRADOIRO DE SERIGRAFÍA DE MARIA GAR

Impartido por Maria Gar (A Coruña). Consiste en explorar e crear a través dos procesos de traballo co gravado e a serigrafía. Isto da lugar ao estampado en camisetas, suadoiros e bolsas de tela. Poranse á venda na mostra desta colección explicando as emocións e aprendizaxes que compartiron no proceso de creación. Levarase a cabo no Aula Multidisciplinar de *SacraExperience* en Pincelo. Maria Gar colabora dende fai anos nos proxectos de creación para infancia e a mocidade, en Pincelo e en outros espazos rurais.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo,9. Parroquia de A Sariña, Chantada, Lugo).

Dirixido a dez nenos e nenas de entre 7 a 14 anos con ou sen diversidade.

5) OBRADOIRO DE FOTOGRAFIA E DESEÑO GRAFICO DE DAVID CARBALLAL E MARIA MESEGUER

Impartirase por María Meseguer e David Carballal (A Coruña). A rapazada poranse en contacto coa fotografía e crearán os seus propios deseños gráficos. Esta parella de creadores adícanse profesionalmente o deseño gráfico e a fotografía ademais de montaxe de exposicións. Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo,9.Parroquia de A Sariña-Chantada-Lugo).

Dirixido a dez nenos e nenas de entre 7 a 14 anos con ou sen diversidade.

6) CREACIÓN DE MARCA E PRESENTACIÓN OFICIAL DE RURAL CREA

Así, no mes de xuño ,a equipa do proxecto sacará á luz a marca. Presentaranse os obxectos e creacións artísticas ao público invitado. A marca resultante é a pequena Bauhaus coa terceira colección que ten coma temática a mestura das cores primarias e as xeometrías. Tras unha investigación previa da Escola da Bauhaus e unha visión integral das Artes, servirá coma motor de arranque creativo para os máis novos.

2.- RESIDENCIAS ARTÍSTICAS: COHABITAR A CREACIÓN.

Levaranse a cabo ao longo do ano arredor de 10 residencias artísticas, de mínimo unha semana de duración, para traballar proxectos específicos que logo enmarcamos dentro das nosas programacións.

1) RESIDENCIA ARTÍSTICA DE DANZA DE CARLOTA PEREZ, JORDI CORTES E ADRIANA PAULOS

Participan nesta residencia de Danza e Creación Coreográfica Carlota Pérez (Chantada), Jordi Cortés (Barcelona) e Adriana Paulos (A Coruña) en colaboración con ASDEME, Centro da Terceira Idade de Chantada e o Coro de mulleres. Esta peza comunitaria ábrese a persoas con e sen diversidade que habiten en Chantada e nas aldeas da *Ribeira Sacra* a través dunha convocatoria previa.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo,9.Parroquia de A Sariña-Chantada-Lugo).

Mostra da residencia: Pazo de San Pedro de Bembibre (Concello de Taboada).

2) RESIDENCIA ARTÍSTICA DE PAMEN PEREIRA Y CHE MARCHESI

Residencia de artes plásticas e instalación a cargo dos artistas, Pamen Pereira (Vigo) e Che Marchesi.(Madrid) Cadáver exquisito II : ②evolución : idea de ciclos de ruptura (revolución) seguidos de consolidación e desenvolvemento (evolución). Trataremos unha reorientación do pensamento

hacia unha cosmovisión naturalista que, a súa vez,evoluciona no detalle conforme avanza o coñecemento.

Levarase a cabo unha exposición final na Casa da Cultura de Chantada e no Pazo de Tor (San Xoán de Tor – Monforte de Lemos).

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo,9.Parroquia de A Sariña-Chantada-Lugo).

Lugar da mostra da residencia: Museo Fortaleza San Paio de Narla (Concello de Friol-Lugo).

3) RESIDENCIA ARTÍSTICA DE JULIO CESAR IGLESIAS

Residencia de danza e creación coreográfica a cargo de Julio César Iglesias (Cuba). Residencia para a creación dun espectáculo itinerante de Danza . Esta residencia remata cunha mostra do traballo na Residencia de maiores de Chantada.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo,9.Parroquia de A Sariña-Chantada-Lugo).

4) RESIDENCIA ARTÍSTICA DE NIÑO DE ELCHE

Participa nesta residencia de creación musical o cantante flamenco Niño de Elche (Madrid) na que devolverá un traballo participativo para o territorio.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo,9.Parroquia de A Sariña-Chantada-Lugo).

5) RESIDENCIA ARTÍSTICA DE FRAN QUIROGA

Residencia de pensamento Fran Quiroga (Galicia). Pensador transdisciplinar. Entre as súas liñas de traballo están os cruces entre activismo, arte e participación social. Ao remate da residencia levará a cabo unha relatoria para compartir o seu traballo.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo, 9. Parroquia de A Sariña-Chantada-Lugo).

6) RESIDENCIA ARTÍSTICA DE EMIL SAIZ

Residencia de creación e produción musical a cargo do músico Emil Saiz. Emil Saiz é un músico e produtor coñecido por o seu enfoque intuitivo e meditativo do son. A súa música é un acto de catarsis que busca conectar coas emocións máis profundas, ofrecendo experiencias envolventes nas súas presentacións en vivo.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo, 9. Parroquia de A Sariña-Chantada-Lugo).

Mostra da residencia no Pazo de San Pedro de Bembibre no Concello de Taboada.

7) RESIDENCIA ARTÍSTICA EN COLABORACIÓN CO CERTAME COREOGRÁFICO DE MADRID

Residencia en colaboración co Certame Coreográfico de Madrid da peza gañadora.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo, 9. Parroquia de A Sariña-Chantada-Lugo). Lugar da mostra: Pazo de Tor (San Xoán de Tor – Monforte de Lemos).

O resto das residencias se seleccionan dentro da convocatoria Cohabitar a creación. Seleccionaranse 4 compañías ou artistas emerxentes a través dunha convocatoria pública nacional. Destinada a creadores maiores de idade, profesionais e semiprofesionais que busquen profundizar sobre un proxecto en xerme.

3.- FORMACION PARA ADULTOS. OBRADOIROS - OBRADOIRO DE CINEMA DE OLIVER LAXE

Seleccionaranse 10 proxectos cinematográficos que compartirán co director durante un fin de semana de traballo e de mostrar os intereses e inspiración do creador. Neste fin de semana os alumnos poderán compartir as súas inxerencias e mostrar as súas traxectorias e proxectos en xerme.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo, 9. Parroquia de A Sariña - Chantada, (Lugo))e tamén en Cinema Palleiriso (Garabelos – Chantada). De 10 a 15 participantes con ou sen diversidade.

1) OBRADOIRO DE FOTOGRAFÍA DE VARI CARAMÉS

Residencia de fotografía de Vari Carames para novas olladas dentro da fotografía. Unha oportunidade única para facer un repaso polo seu percorrido artístico e facer un visionado guiado a través do seu porfolio.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo, 9. Parroquia de A Sariña - Chantada, (Lugo)), e no Pazo de Tor (San Xoán de Tor, Monforte de Lemos). De 10 a 15 participantes con ou sen diversidade.

2) OBRADOIRO DE DANZA E CREACIÓN COREOGRÁFICA DE JULIO C. IGLESIAS

Obradoiro de Danza Contemporánea e Creación Coreográfica Impartido por Julio Cesar Iglesias. Consiste nunha proposta dirixida principalmente a estudantes e profesionais do ámbito das Artes Escénicas. Aberta a calquera perfil interesado en abordar a creación e a creatividade dende o movemento humano.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo,9. Parroquia de A Sariña, Chantada (Lugo)). De 10 a15 participantes con ou sen diversidade.

4.- ENCONTROS XESTION CULTURAL E EMPRENDEMENTO

¿Repoboamos ou especulamos? Participan Oliver Laxe: Unha alternativa de vida nos Ancares. Esther Teixeira: A creadora do primeiro viño ecolóxico de Galiza. Europa Creativa: Ponencia sobre os premios New European Bauhaus. Encarna Lago: Relación entre a Rede Museística Provincial de Lugo e as entornas rurais, coma O Pazo de Tor e Natalia Balseiro.

Neste encontro tamén realizarase unha Conferencia a cargo de Mercedes Peón. Todas somos pandereteiras, ademais dunha Mesa de coloquio Unha nova educación rural, na que participan proxectos e escolas que marcarán un cambio dentro do ámbito educativo regrado como a Escola O Pelouro, a Escola Waldorf de Friol, o colexio Pangea e colexios de Portugal. E, por último, a mesa de traballo. Nova Asamblea Rural.

Neste encontro, ademais de relatorías e mostrar os traballos dous gañadores da convocatoria, damos principal importancia aos habitantes do Territorio que xunto aos axentes culturais, cocrearán modelos de políticas culturais participativas e responsables.

Lugar: Pazo de Tor. (San Xoán de Tor, Monforte de Lemos).

- ENCONTRO DE XUVENTUDE NAS ALDEAS “DIVERSIDADE E INMIGRACIÓN”.

Dende o ano 2025 abrimos estas xornadas poñendo o foco na mocidade do rural, sacando unha convocatoria pública que convoca 3 proxectos gañadores de rapaces de entre 18 e 30 anos que teñan un proxecto innovador en aldeas ou espazos de menos de 200 habitantes, poderán participar persoas con e sen diversidade.

5.- A NOVA BANDA RURAL

De Xaneiro a Xuño o último fin de semana de cada mes. Un total de 6 módulos de fin de semana e coa colaboración para a grabación dos temas orixinais da Fundación Paideia e o apoio dos músicos Davide Salvado e Adrián Costa.

Lugar: Aula Multidisciplinar en Pincelo. (Lugar de Pincelo,9.Parroquia de A Sariña-Chantada-Lugo).Participan 5 nenos e nenas.

Lugar da mostra: Pazo de Tor (San Xoán de Tor – Monforte de Lemos).

ALIANZAS

O proxecto regular de *SacraExperience*, conta coa colaboración de entidades públicas e privadas para a apoiar todas as súas iniciativas coma: Rede Aldear, Rede Museística Provincial de Lugo, Consorcio da *Ribeira Sacra*, Concello de Chantada, Estrella Galicia, Gadisa, Ministerio de Cultura, Xunta de Galicia...

E crea sinerxias para este proxecto cos seguintes espazos:

Cinema Palleiriso- Pazo de Tor- Museo Provincial de Lugo, O Bosque Habitado, Igrexa de Chouzón, Igrexa da Cova, Auditorio de Chantada, Asociación Asdeme, Centro da Terceira Idade de Chantada, Restaurante A da Rosa de Chantada e os Institutos do Pobo a través da Concellería de Xuventude.

Habitar/nos tamén crea sinerxias a nivel nacional con outras entidades coma, por exemplo, o proxecto de inclusión social a través da fotografía "*Os Monstruos*" liderado polo psicólogo *Vicente Galaso* nas Illas Baleares e, tamén, co proxecto *Rurealidades* realizado polo Concello da Xuventude de Oviedo e mediado por *Carlota Pérez* e *Fernando García Dory*.

EQUIPA

En cada un dos proxectos transversais partimos do global ao local, polo que conviven creadores, xestores ou docentes afincados en Galicia ou con orixe galega con creadores nacionais e internacionais. Sendo sempre máis do 50 por cento do total de colaboradores compañías ou artistas galegas. O proxecto está formado por unha equipa multidisciplinar de profesionais relacionados coa xestión e a mediación cultural. Está formado por cuatro mulleres e dos homes, o que representa máis dun 60% de emprego feminino:

- Carlota Pérez, bailarina e xestora socio cultural que combina paralelamente a súa labor coma coreógrafa coa dirección artística do SacraFestival, Artes Natureza e Viño (*Ribeira Sacra do Miño*), o Encontro Internacional Artes pola Integración (A Coruña) e adirección da Compañía 5s e de Proxectos Profesionais de Inclusión Social a través das Artes. Carlota será a directora artística do SacraFestival, así como a coordinadora dos proxectos A Pequena Bauhaus e *SacraExperience* Formación.
- Natalia Balseiro é mediadora cultural. Foi técnica de Cultura do Concello de San Sadurniño durante seis anos. Traballou coma coordinadora de Formación da Rede Española de Teatros, directora do Centro Coreográfico Galego entre o 2006 e o 2009 e dirixiu o Mov-s, proxecto de pensamento contemporáneo Iberoamericano sobre novas formas de operar nas artes vivas, entre o 2010 e o 2015 co Mercat das Flors de Barcelona. Natalia Balseiro será a encargada da mediación cultural do proxecto.
- Fernando Castro-Acuña, colabora dentro da xestión do espazo de *SacraExperience* en todos os proxectos relacionados co medio Rural e leva a financiación da entidade.
- Solange Marchan, Bailarina e coreógrafa que traballa dende hai un ano con Carlota Pérez dentro de espazos de degustación de produtos locais e viños.

- Adriana Paulos, Bióloga,, actriz e especializada en chikung e reflexoloxía podal, colabora con *SacraExperience* a través da Compañía Experimentadanza, que ten a súa sede no espazo e leva a labor de mediación en proxectos inclusivos.
- Julio Cesar Iglesias Ungo, Estudou na Escola Nacional de Arte (I.E.N.A.) entre 1995 e 2001 en A Habana e graduouse coma bailarín. Profesor e coreógrafo profesional. Pasou 7 anos en Danza Contemporánea de Cuba como bailarín e converteuse en primeiro bailarín principal, sendo coreógrafo residente dende 2010. En Europa traballou como bailarín nas seguintes compañías: Última Vez, Unusual Symptoms, La Intrusa, Alain Platel, Susanne Linke, La Macana e Renegade.

OBXECTIVOS. INNOVACIÓN E TRANSFORMACIÓN

Habitar/nos nace coma un proxecto que busca reforzar e desenvolver as diversas capacidades do sector cultural para acadar un tecido sólido máis aló dos grandes núcleos urbanos e máis aló do eixo Atlántico, onde ocorren a meirande parte dos actos culturais de Galicia.

O que se pretende é incrementar a actividade cultural nos territorios deshabitados ou cunha alta despoboación, é dicir, aquelas aldeas de menos de 200 habitantes. É unha iniciativa entendida coma motor de cambio, dinamización e transformación social. Promover a dinamización, a modernización e a innovación dos sectores e axentes culturais e creativos que operan no medio rural, favorecendo a xeración de emprego, a profesionalización e a creación de redes profesionais locais, rexionais e nacionais, así coma axudar á consecución da igualdade de xénero e, primordialmente, busca favorecer a democratización da cultura a través dos diferenres colaboradores que apoian a iniciativa co fin de que todas as actividades señan gratuitas ou non prohibitivas para calquera membro da nosa sociedade,

Favorecer a diversidade cultural, así coma o diálogo e o intercambio rural-urbano. **Habitar/nos** coida da paisaxe e respecta

o territorio. Lugares coma *A Ribeira Sacra*, nomeados Reserva da Biosfera deben ser coidados por todos. Por iso, centrará parte da súa programación regular en Obradoiros Medioambientais,

Encontros e Congresos sobre Xestión Cultural no Rural e no coñecemento do medio que nos rodea . No caso de Rural Crea está baseado na creación dunha marca sostible e sen uso de material plástico. A maior relevancia de [Habitar/nos](#) é xustamente este novo ruralismo no que se centra o proxecto, para provocar un movemento a través da cultura que logre repoboar as aldeas disgregadas, ofrecendo formación de calidade para as súas xentes

A innovación do proxecto é acoller a toda a comunidade sen deixar de lado os encontros de pensamento e reflexión sobre a transformación social a través das Artes. Facer unha labor de mediación cultural na entorna rural, onde axentes locais e externos debaten sobre esa necesidade de reconectarnos con entornas naturais e crear estas novas aldeas onde convivan o pasado e o futuro, nun ecosistema cultural de redes entre as comunidades do territorio e os novos axentes que median e participan en proxectos culturais, patrimoniais e sociais. Establecer redes entre artistas, veciñanza, hostaleiros, agricultores e adegueiros da *Ribeira Sacra*.

Estes beneficios vense reflexados no fomento de creación de emprego local.

DENDE O GLOBAL AO LOCAL

Parécenos importante descentralizar a cultura das cidades do Eixo Atlántico e das capitais e facer crecer a cultura en lugares afastados, interiores, rurais, nos pobos e nas aldeas de Galicia.

Buscamos axudar e facer crecer unha vida profesional fora dos núcleos urbanos, repoboando as aldeas, non especulando e que a xente nova e as familias decidan centrar a súa profesión no rural, levando unha vida máis sosegada e con reconexión coa natureza e co sector primario. Retomar a agricultura non invasora e o

autoabastecemento coas enerxías renovables, a permacultura, a gandería non expansiva e a educación dende o vivencial e de contacto co entorno natural, fuxindo do exceso e mal uso das novas tecnoloxías. Os proxectos comunitarios que abordamos con artistas locais, veciños e os creadores aportan miradas diversas en torno ao territorio abandonado e ofrecen oportunidades para xeracións futuras.

AXENTES IMPLICADOS

A Rede Museística da Provincia de Lugo está implicada nos proxectos coma apoio institucional.. *A Fundación Ronsel* tamén colabora coa asociación *SacraExperience* co proxecto Mentoring e Emprendemento e o proxecto Mentor para a mocidade en risco de exclusión social. *A Asociación Cultural pola Integración Social Diversos*, que leva a cabo proxectos artísticos regulares para as comunidades mais fráxiles física e psicolóxicamente con persoas en risco de exclusión social.

Tamén colaboran nos proxectos a Rede Aldear, a compañía de danza Experimentadanza, Cinema Palleiriso, Bosque Habitado entre outros.

EMPREGO DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Este ano queremos dar un pulo moi grande a parte de comunicación, así coma á documentación audiovisual de todos os encontros e obradoiros dos que falamos nos puntos anteriores. O primeiro será a reactivación das webs e das redes sociais. Conectaremos en streaming durante os obradoiros e levaremos a cabo relatorías e reportaxes audiovisuais de todas as actividades, para compartir os contidos de forma aberta. Crearemos unha web e unha tenda online de Rural Crea, onde se porá á venda o material que crearán os nenos e nenas ao longo dos obradoiros.

Ademáis, poremos en marcha unha canle de YouTube de *SacraExperience*. Nesta canle será onde publicaremos toda a

documentación audiovisual (concertos, entrevistas aos artistas, etc) xerada nos diferentes obradoiros e encontros profesionais, E por último, incluiremos un código QR para compartir todas as nosas actividades.

INDICADORES QUE PERMITAN A AVALIACIÓN DO PROXECTO

A primeira ferramenta de avaliación do proxecto é a participación nas numerosas actividades. Son moitas pero están pensadas para grupos reducidos que xerarán un impacto medioambiental baixo.

Son espazos naturais protexidos polo que a imaxe e as ferramentas de comunicación do proxecto irán na liña de respecto total pola contorna, con uso cero de material plástico. Ao mesmo tempo, axudaremos a dinamizar os establecementos turísticos e hostaleiros dos concellos de Chantada favorecendo o emprego local.

Un terceiro indicador será o números de visitas ás páxinas web e á canle de YouTube que crearemos, así coma as conexións en streaming dos obradoiros. Tamén a venda online dos deseños creados é un claro indicador de que o proxecto é sostible.


Outro indicador, este a longo prazo, será a repercusión do proxecto nos vindeiros anos, xa que cremos que [Habitar/nos](#) vai ofrecer un catálogo formativo e de ocio continuo e estable nos concellos onde se desenvolve. Así, a idea de reproducir o mesmo proxecto e xerar alianzas entre outros concellos de Galicia, tamén será un indicador de éxito do modelo do proxecto.

Este proxecto reflíctese cun modo de vida e que pretende dinamizar o rural e ofrecer *unha programación e formación estables e de calidade, que fomenten a diversidade cultural e o intercambio rural-urbano.*

CONCELLO DE CHANTADA 
PINCELO

SACRA
EXPERIENCE

SACRA EXPERIENCE



EXPERIMENTADANZA